



APRENDENDO UNHA NOVA LINGUA

Introdución

Aprender braille nos centros educativos mediante o emprego de material elaborado mediante unha impresora 3D é unha excelente maneira de abrir novas oportunidades e comprender mellor o mundo das persoas con discapacidade visual.

O código braille é un sistema de escritura táctil empregado por persoas cegas ou con discapacidade visual para ler e escribir mediante o tacto. Consiste nunha serie de puntos en relevo dispostos nunha celda de seis posicións, denominadas "puntos braille". Cada combinación de puntos representa unha letra, número, signo de puntuación ou un símbolo especial.

Obxectivos

Aprender e traballar o código braille na escola pode ter unha serie de obxectivos educativos e formativos que benefician tanto aos estudantes como ao ambiente escolar en xeral. Ao longo desta unidade didáctica perséguese varios obxectivos como son:


- A promoción da inclusión fomentando a aprendizaxe co código braille.
- Desenvolver habilidades de lectoescritura xa que aprender braille implica desenvolver habilidades específicas de lectura e escritura táctil, o que pode mellorar as habilidades xerais de lectura e escritura dos estudantes, independentemente da súa discapacidade visual.
- A promoción da diversidade lingüística xa que traballar con braille tamén pode fomentar o recoñecemento e a valoración da diversidade lingüística ao permitir a representación de diferentes idiomas e alfabetos neste sistema de escritura táctil.
- O deseño e impresión de pezas en 3D.

Materiais

1. Impresora 3D e PLA
2. Guía Braille coas letras
3. Regleta Braille
4. Punzón ou arame fino
5. Follas de papel

Procedemento

1. Imprime a guía Braille e a regleta Braille que poderás atopar ou descargar da plataforma gratuíta Thingiverse nas seguintes ligazóns:



Imaxe 1: Guía (esquerda) e regleta braille (dereita) obtidas mediante a impresión 3D.

2. Inserta a folla de papel entre a regleta de Braille impresa.
3. A escritura Braille faise no reverso do papel e os puntos lense no anverso, polo tanto os símbolos escríbense ao revés e de dereita a esquerda. Isto quere dicir que terás que utilizar o punzón para escribir de dereita a esquerda, como si se tratara dunha imaxe reflectida nun espello. Unha vez que remates, voltea a páxina para que o teu texto poida lerse normalmente de esquerda a dereita. Para iso será preciso empregar a guía Braille como referencia. Comeza escribindo o teu nome para coller práctica.
4. Despois de crear unha liña de texto, avanza a regleta Braille unha nova liña no papel e continuar escribindo.
5. Voltea o papel cando se remate e sente lixeiramente o Braille que acabas de crear.
6. Agora que xa entendes como se escribe en Braille, serías quen de deseñar en Thinckercad placas que identifiquen as diferentes instancias do teu centro educativo como pode ser a biblioteca, os baños, ...?

Recursos externos

1. Guía braille
<https://www.thingiverse.com/thing:1275150> Licencia Creative Commons -Attribution
2. Pizarra braille
<https://www.thingiverse.com/thing:1353118> Licencia Creative Commons -Attribution



APRENDENDO UNHA NOVA LINGUA
